

**FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E
AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E
MATERIAL ESCOLAR**

NORMA	ORDE do 10 de maio de 2023 (DOG do 18 de maio de 2022)
	Pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/2024 .
	CÓDIGO de PROCEDIMENTO: ED330B

DESTINATARIOS		
	Fondo solidario de libros de texto	3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria
	Axudas para adquirir libros de texto	1º e 2º de E. Primaria
	Axudas para adquirir material escolar	Alumnado de E. Primaria (De 1º a 6º)

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	
PRAZO	Desde o 20 de maio ata o 21 de xuño (incluído). Para todo o procedemento.
FORMAS DE PRESENTACIÓN	Poderán presentar as solicitudes os pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado.
	A solicitude será ÚNICA para todos os fillos/as que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2023/2024 .
	As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica, nos formularios normalizados Anexo I e Anexo I e Anexo II , dispoñibles na aplicación informática Fondolibros: https://www.edu.xunta.es/fondolibros
	Unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala , obtendo así o número de solicitude e, posteriormente, poderán optar polas seguintes formas de presentación: <ul style="list-style-type: none"> - Na Sede Electrónica (https://sede.xunta.gal): Para a presentación por esta vía poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365 (https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365) - Presentación no centro: Neste caso imprimirán a solicitude e o anexo II e presentaranos no centro (debidamente asinados) xunto coa documentación (A solicitude xa terá asignado un número pola aplicación).
	Así mesmo, poñemos a súa disposición o formulario normalizado de Solicitud (Anexo I e Anexo II) para que poidan descargalo. Unha vez decargado, deberán cumprimentalo e poderán presentalo no centro. Tamén temos á súa disposición os formularios de solicitude (Anexo I e Anexo II) en Secretaría para que poidan cubrilos e presentalos no centro. O horario de atención ao público na Secretaría do centro para este procedemento será de 09.00 a 13:30
Alumnado 6º E.P.	O alumnado que está actualmente en 6º, poderá presentar a solicitude por vía electrónica ou no INSTITUTO onde vaia estar matriculado no curso 2022/2023.

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

- a. **ANEXO I** debidamente cuberto e asinado.
- b. **ANEXO II** (Autorización dos membros da unidade familiar *distintos do solicitante* para a comprobación de datos).
- c. Copia do **Libro de Familia** onde figure o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

Excepcionalmente (**cando non sexa posible facelo polos medios anteriores ou carezan de DNI ou NIE**), poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1. desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

- d. Se fose o caso, certificado do **Grao de Discapacidade** do alumno/a ou de calquera membro da unidade familiar, recoñecido por un órgano que **non pertenza** á Xunta de Galicia.
- e. Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.
- f. Resolución xudicial constitutiva da curatela representativa ou resolución xudicial que estableza a patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión.

PUBLICACIÓN	
Publicación de listaxes provisionais	O 23 de xuño
Reclamación ás listaxes provisionais	2 días hábiles seguintes á publicación
Publicación das listaxes definitivas	O 30 de xuño
<p>As listaxes publicaranse única e exclusivamente no</p> <p>TABOLEIRO DE ANUNCIOS situado no interior do centro</p> <p>Así mesmo, as persoas solicitantes poderán acceder por vía electrónica ao seu expediente, a través da aplicación Fondolibros, empregando a chave 365 ou o certificado dixital da FNMT.</p>	

ENTREGA DE LIBROS E VALES
<p>A entrega dos libros de texto do Fondo Solidario do curso 2022/2023 realizarase no mes de SETEMBRO, xunto co documento de “ENTREGA” que terá a sinatura da persoa titular da dirección, o selo do centro e a sinatura do/da representante legal do alumnado, a quen se lle entregará unha copia.</p> <p>Os VALES para adquirir libros de texto para o alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria e dos VALES para adquirir material escolar destinados ao alumnado matriculado en E. Primaria entregaranse na semana comprendida entre o 3 e 7 de xullo de 2022, entre as 10.00 e as 13.00.</p>